

PLAN ESTRATÉXICO 2024-2026

ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

Universidade de Santiago de Compostela



ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR
DE ENXEÑARÍA

V.1	<i>Elaborado pola Comisión permanente e de coordinación da Escola da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría</i>	<i>17 de xullo de 2024</i>
V.2.	<i>Aprobado pola Xunta de Escola da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría</i>	<i>27 de xullo de 2024</i>
V.Final	<i>Aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno</i>	<i>29 de novembro de 2024</i>

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN AO PLAN ESTRATÉXICO DO CENTRO	3
2. HISTORIA DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA	4
2.1. Orixes	4
2.2. A Escola Politécnica Superior	5
3. A ACTUAL ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA	6
3.1 Oferta formativa actual da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría	6
3.2. Grupos de investigación actuais (departamentos adscritos o centro)	8
3.3. Sistema de Garantía de calidade	9
4. MISIÓN, VISIÓN, VALORES DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA	10
4.1. Misión	10
4.2. Visión	10
4.3. Os nosos valores	10
5. LIÑAS ESTRATÉXICAS DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA	11
5.1. Introducción as liñas estratéxicas	11
5.2. Liña estratéxica 1: Dirección e administración do centro	12
5.3. Liña estratéxica 2: Catálogo de titulacións do centro	13
5.4. Liña estratéxica 3. innovación e transferencia	15
5.5. Liña estratéxica 4: Recursos humanos	16
5.6. Liña estratéxica 5: Instalacións e servizos xerais	17
5.7. Liña estratéxica 6: información pública e a visibilidade	18
6. DIAGNOSE ESTRATÉXICA	19
6.1. Introducción á diagnose estratéxica	19
6.2. Análise DAFO	20
6.3. Análise CAME	29
7. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	34
7.1. Introducción as liñas estratéxicas	34
7.2. Liña estratéxica 1: Dirección e administración do centro	35
7.3. Liña estratéxica 2: Catálogo de titulacións do centro	38
7.4. Liña estratéxica 3. innovación e transferencia	41
7.5. Liña estratéxica 4: Recursos humanos	43
7.6. Liña estratéxica 5: Instalacións e servizos xerais	45
7.7. Liña estratéxica 6: información pública e a visibilidade	47
7.8. Cadro resumo do plan de execución das liñas, temporalización e responsables directo	49
8. DESENVOLVEMENTO DO PEC	50
8.1. Grupo de traballo responsable da elaboración do PEC	50
8.2. Participación dos grupos de interese	52
9. DATOS DA EPSE	53



1

INTRODUCCIÓN AO PLAN ESTRATÉXICO DO CENTRO

A Escola Politécnica Superior de Enxeñaría presenta mediante este documento o Plan Estratégico de Centro (PEC) para o bienio 2024-26, collendo como modelo para a súa confección a Guía que a tal efecto publicou a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización. O anterior PEC do centro tivo vixencia entre o 2015-20 e foi prorrogado para o curso 2021-22.

O anterior PEC, no que se analizaron as fortalezas e debilidades do centro e lograronse acadar a maioría das liñas estratégicas propostas, constitúe a base para os obxectivos que se pretenden acadar co novo PEC.

O plan estratégico 2024-26 da EPSE ten como marco as seguintes liñas estratégicas:

1. Dirección e administración do centro: A Xestión
2. Catálogo de Titulacións do Centro: A Formación
3. Innovación e Transferencia: A Investigación
4. Recursos Humanos: As Persoas
5. Instalación e Servizos: As Infraestruturas
6. Información pública e visibilidade: A Imaxe

O Obxectivo Xeral deste PEC é desenvolver unha serie de ferramentas que definan as prioridades a abordar dende a EPSE, o modo de abordalas e de facer o seu seguimento, para conseguir o óptimo funcionamento do mesmo. O fin último é conseguir un centro de excelencia educativo, sen esquecer a súa función como impulsores da investigación nos ámbitos que nos son propios, promovendo a transferencia á sociedade que é a que nos sustenta como centro público que somos, acorde ás necesidades da sociedade actual.

O PEC comeza coa definición da misión, visión e valores da EPSE. De seguido fíxanse as liñas estratégicas e examínanse de forma pormenorizada a través da análise DAFO e CAME propoñendo os distintos obxectivos estratégicos e as liñas a seguir para conseguilos.

A Xunta de Centro do 30 de xaneiro de 2024 delegou na súa Comisión Permanente a realización do plan estratégico.

A primeira reunión da Comisión Permanente para iniciar os traballos de redacción do PEC realizouse o 31 de xaneiro do 2024. Mantivo cinco reunións presenciais e un equipo de MS Teams aberto para elaborar as análises e redactar o PEC.

O documento inicial do PEC foi aprobado na Xunta de centro de 23 de xullo de 2024 e posto en exposición pública ata o 30 de xullo de 2024.

E remitido á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) e ao Comité Consultivo en setembro do 2024.

Recibidas as suxestións da ACMP o 2 de outubro, revisouse en reunións da Comisión Permanente e con data 12 de novembro de 2024 remitido de novo para a súa aprobación.



2

HISTORIA DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

2.1. ORIXES

As orixes da Escola Politécnica Superior (EPS) de Enxeñaría en Lugo atópanse na Escola Técnica de Peritos Agrícolas, creada no ano 1963. No curso 1967-68 comeza a funcionar a Escola de Enxeñaría Técnica Agrícola no antigo edificio da Escola de Comercio, ata que foi inaugurado un edificio na Avda. de Madrid no que se acolleron os estudos de Enxeñeiro Técnico Agrícola na especialidade de Explotacións Agropecuarias, os primeiros e únicos deste campo das enxeñerías que existían en Galicia.

As primeiras promocións que saíron desta Escola, coñecida como EUITA, desempeñaron o seu labor maioritariamente nas delegacións provinciais do Ministerio de Agricultura, no Catastro, ou nos servizos de Extensión Agraria e foron axentes dinamizadores para a modernización do campo galego.



Ilustración 1. Escola Técnica de Peritos Agrícolas.

Xermolo do campus de Lugo

A Escola de Enxeñaría Técnica Agrícola foi ademais o xermolo do Campus Universitario de Lugo creado pola “*Ley General de Educación y Financiación de la Reforma Educativa*”, de 4 de agosto de 1970, coñecida como de Villar Palasí, na que se contemplaba a transformación en Escolas Universitarias das Escolas Técnicas de grao medio, as de Maxisterio e Comercio, os Colexios Universitarios e as Escolas de Enxeñaría Técnica. No ano 1986, e xa como Escola Universitaria, implántanse as outras tres mencións de Enxeñaría Técnica Agrícola recoñecidas a nivel do Estado: Hortofruticultura e Xardinería, Mecanización e Construción Rural, Industrias Agrarias e Alimentarias.

Os estudos de Enxeñaría Agronómica, a vía natural para que os enxeñeiros técnicos agrícolas completaran a súa formación, implántanse no ano 1987.

No curso 1990-91 comezan en Lugo, os estudos de Enxeñaría Técnica Forestal, 56 especialidade de Explotacións Forestais, sendo a primeira titulación que emerxe en Galicia neste campo da Enxeñaría coa finalidade de formar especialistas vinculados ao territorio galego que se encarguen das funcións que lles son propias e recoñecidas. O Decreto 26/1993, do 11 de febreiro, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, crea a Escola Politécnica Superior, integrando a EUITA, a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Agrónomos, creada no ano 1989, e a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Montes, creada no ano 1991.

2.2. A ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR

No inicio do curso 1994-1995 inaugurouse o edificio da Escola Politécnica Superior da rúa Benigno Ledo para albergar todas as titulacións relacionadas cos eidos agrícola e forestal que se impartían ata ese momento na Universidade de Santiago de Compostela (USC) e que se completaron ese mesmo curso cos estudos da Enxeñaría de Montes.

Posteriormente, no ano 2003, incorporáronse os estudos de Enxeñaría Técnica de Obras Públicas e Enxeñaría Técnica en Topografía.

Coa adaptación dos títulos impartidos ao Espazo Europeo de Educación Superior (2010), a oferta do centro pasa a ser de cinco graos: Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural, Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, Enxeñaría Civil e Enxeñaría Xeomática e Topografía. Implántanse os Dobres Graos en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, e en Enxeñaría Civil e Enxeñaría Xeomática e Topografía e incorpórase no curso 2018-19 o Grao en Paisaxe primeiro grao interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (SUG, neste caso entre a USC e a UDC) e no curso seguinte o Grao en Robótica. Por último no curso 2021 implántase o programa de Grao Aberto 5USC Enxeñarías en colaboración coa Facultade de Ciencias.



Ilustración 2. Escola Politécnica Superior de Enxeñaría.



3

A ACTUAL ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

3.1. OFERTA FORMATIVA ACTUAL DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

O conxunto da oferta formativa regulada impartida actualmente na EPS de Enxeñaría do Campus de Lugo, despois da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior no proceso coñecido como Plan Bolonia, articulado no contexto especializado do Campus Terra, consta de tres graos de enxeñaría habilitantes para o exercicio das profesións correspondentes en calquera país comunitario, o innovador Grao en Robótica, o Grao en Paisaxe (interuniversitario coa Universidade da Coruña (UDC), un dobre grao, un grao aberto, dous másteres oficiais habilitantes, tres másteres oficiais con orientación profesionalizante e un máster propio, ademais de catro programas de doutoramento.

TITULACIÓNS DE GRAO

Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria
 Enxeñaría Civil
 Enxeñaría Forestal e do Medio Natural
 Grao en Robótica
 Grao en Paisaxe (Interuniversitario coa UDC - Centro Responsable ETSAC)

ITINERARIOS/PROGRAMAS ESPECIAIS

Programa de Grao Aberto USC Enxeñarías
 Dobre Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e Enxeñaría Forestal e do Medio Natural

TITULACIÓNS DE MÁSTER UNIVERSITARIO

Dirección de Proxectos
 Enxeñaría Agronómica
 Enxeñaría de Montes
 Planificación e Xestión Territorial (Centro responsable Facultade de Xeografía e Historia - USC)
 Sistemas Aéreos non Tripulados (Interuniversitario coa UVigo)

TITULACIÓN DE MÁSTER PROPIO

Produción de Leite

PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO (dos departamentos adscritos ao centro)

PD en Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil
 PD en Investigación Agraria e Forestal
 PD en Agricultura e Medioambiente
PD en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio

Tras case seis décadas de experiencia docente e investigadora no ámbito das enxeñarías, a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría de Lugo é hoxe un centro totalmente consolidado e de referencia non só no ámbito nacional senón tamén no internacional, tanto pola calidade da súa docencia como da súa investigación, sendo a premisa do centro a busca de respostas aos principais

problemas que demanda a sociedade dende os ámbitos que nos son propios, procurando incrementar o benestar económico e social dos nosos concidadáns.

A EPS de Enxeñaría ocupa un importante lugar no desenvolvemento e consolidación do Campus Terra. O Campus Terra é un proxecto para transformar o Campus de Lugo nun referente científico e social nos ámbitos e coñecementos vinculados á sustentabilidade económica, social e medioambiental do uso da terra, poñendo en valor as capacidades existentes e xerando outras novas para contribuír á construción dun novo modelo de crecemento intelixente, sostible e integrador.

A articulación e dotación do Campus Terra en Lugo representa unha oportunidade para incrementar a eficiencia dos diferentes centros que compoñen a Universidade de Santiago de Compostela no Campus de Lugo. Esta ambiciosa idea dótanos dunha personalidade propia que permite traballar nunha mesma dirección a diferentes grupos de persoas ligadas á docencia, á investigación e á transferencia de coñecementos. O Campus Terra pon a disposición da sociedade un conxunto de ferramentas que posibilitan a nosa consolidación coma un elemento de desenvolvemento no noso ámbito superando barreiras existentes ata agora.



Ilustración 3. Escola Politécnica Superior de Enxeñaría – Aulario 1

3.2. GRUPOS DE INVESTIGACIÓN ACTUAIS (DOS DEPARTAMENTOS ADSCRITOS O CENTRO)

A través dos Grupos de Investigación a EPSE pon ao servizo da sociedade as capacidades e o coñecemento dos seus investigadores que abarcan todas as áreas socioeconómicas vinculadas cos campos de especialización do Campus Terra e da súa contorna. Os grupos de investigación vinculados aos departamentos adscritos ao centro inclúense na seguinte listaxe.

- [Agronomía e Ciencia Animal](#)
- AMGeo - [Algoritmos e modelización xeoespacial](#)
- COSMERUN - [Construción sostible para o medio rural e natural](#)
- DESPROD - [Deseño de produtos e procesos para o desenvolvemento rural](#)
- CICEO - [Grupo Integrado de Enxeñaría Civil e Xeomática](#)
- BioMODEM - [Modelización, Enerxía e Mecanización en Biosistemas](#)
- PROEPLA - [Proxectos e Planificación](#)
- AGROFORECOL - [Sistemas agroforestais e agroecolóxicos](#)
- Te-Bio - [Territorio, Biodiversidade](#)
- UXAFORES - [Unidade de Xestión Ambiental e Forestal Sostensible](#)
- Vitis Research - [Viticultura e sanidade Vexetal](#)



Ilustración 4. Escola Politécnica Superior de Enxeñaría – PEMADE – Instalacións de investigación.

3.3. SISTEMA DE GARANTÍA DA CALIDADE

A Escola Politécnica Superior de Enxeñaría conta con Acreditación Institucional outorgada polo Consello de Universidades organismo dependente do Ministerio con competencias en materia de universidades (Resolución do 28 de xaneiro de 2019), conforme ao Real Decreto 420/2015, do 29 de maio, e á Resolución da Secretaría Xeral de Universidades, do 7 de marzo de 2018. Esta acreditación ten vixencia de 5 anos desde o momento da súa concesión.

O órgano encargado de que o SGC se cumpra é a comisión de Calidade, que é unha comisión delegada da Xunta de Escola que ten como obxectivo garantir a calidade de todas as titulacións mediante a actualización constante da oferta académica e a mellora continua dos programas formativos para satisfacer as necesidades e expectativas dos grupos de interese:

- Estudantes e egresados
- Persoal da USC
- Sociedade, terceiro sector e provedores
- Empresas e institucións
- Centros de ensino, universidades e institucións
- Administracións públicas.

Para garantir un compromiso e atención sistemática, estruturada e continua á calidade, das titulacións que se imparten no centro:

- Identifica as necesidades e expectativas dos seus grupos de interese.
- Identifica os procesos necesarios para o sistema de xestión de calidade e a súa aplicación para dar resposta ás necesidades dos grupos de interese.
- Determina a secuencia e interacción destes procesos.
- Determina os criterios e métodos necesarios para asegurar que tanto a operatividade como o seguimento destes procesos sexan eficaces e satisfagan as necesidades dos grupos de interese.
- Asegura a dispoñibilidade de recursos e información necesarios para apoiar a operatividade e o seguimento destes procesos.
- Realiza o seguimento, a medición e a análise destes procesos.
- Implanta as accións necesarias para alcanzar os obxectivos planificados e mellorar continuamente os seus procesos para satisfacer as necesidades dos grupos de interese.

Todos os aspectos relacionados co Sistema de Garantía de Calidade do Centro son públicos e poden consultarse na seguinte dirección web:

<https://www.usc.gal/es/centro/escuela-politecnica-superior-ingenieria/calidad>



MISIÓN

- Formación de profesionais para a sociedade
- Xerar e difundir coñecemento



VISIÓN

- Formación e investigación de referencia
- Sustentabilidade social, económica e medioambiental da terra e do territorio



VALORES

- Compromiso como galegos
- Cultura da excelencia
- Compromiso coa igualdade
- Comunicación veraz, precisa e con claridade
- Responsabilidade coa formación da sociedade
- Participación colectivos externos
- Transparencia na información e na xestión

4 MISIÓN, VISIÓN, VALORES DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

4.1. MISIÓN

A EPS de Enxeñaría cunha experiencia de case de 60 anos forma profesionais nos ámbitos das Enxeñarías Agraria, Forestal e Civil, da Robótica e da Paisaxe.

A súa misión é formar profesionais de xeito integral, con capacidade crítica, promovendo o desenvolvemento científico e tecnolóxico, e difundir o coñecemento nos eidos da súa competencia baixo o paraugas do Campus de especialización Terra do que a EPSE é un dos seus pilares.

Dende o Centro impúlsase a formación activa dos estudantes para que sexan capaces de colaborar coa sociedade en xeral, e coa galega en particular, na procura de solucións para os retos das comunidades actuais: obtención de bens, servizos e producións rendibles e respectuosos coa sustentabilidade social e ambiental.

4.2. VISIÓN

A Escola Politécnica Superior de Enxeñaría ten o propósito de seguir sendo un centro de formación e investigación de referencia a nivel nacional e internacional, nos ámbitos que lle son propios. Adaptando os contidos curriculares aos avances científicos e tecnolóxicos necesarios para o avance socio-económico da sociedade actual sempre vinculados á sustentabilidade económica, social e medioambiental do uso da terra e do territorio.

4.3. OS NÓSOS VALORES

Compromiso coa sociedade galega e cos seus sinais de identidade: lingua, valores naturais e patrimoniais propios.

Cultura da excelencia impulsando as boas prácticas docentes e de xestión.

Compromiso coa igualdade de xénero, e dos dereitos LGTBI+ en liña co que é de xustiza e baixo o amparo das institucións que nos gobernan.

Integridade e veracidade, sendo honestos, respectuosos e transparentes, poñendo sempre en valor a comunicación, en base á verdade, precisión e claridade do que se quere transmitir.

Responsabilidade para actuar da maneira correcta e acorde aos compromisos que como colectivo académico a sociedade espera de nós.

Participación dos distintos colectivos interesados na misión do centro, potenciando o labor do comité asesor externo.

Respecto aos dereitos das persoas , promovendo, protexendo e garantindo a súa liberdade.

Transparencia na información e na xestión, dando cumprida difusión do uso dos recursos que como institución pública obtemos.



XESTIÓN



FORMACIÓN



PERSOAS



INVESTIGACIÓN



INFRAESTRUTURAS



IMAXE

5

LIÑAS ESTRATÉXICAS DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

5.1. INTRODUCCIÓN AS LIÑAS ESTRATÉXICAS

As liñas estratéxicas do Centro pretenden recoller os obxectivos para o Bienio 2024-2026. Estas liñas engloban todas as accións a realizar para alcanzar eses obxectivos.

Preténdese desta maneira fixar unha serie de liñas mestras que definan o plan e unha serie de procesos específicos que permitan levar a cabo dunha maneira sistemática os diferentes fitos propostos. Cada unha das accións estará aliñada co Plan Estratéxico da USC.

As Liñas Estratéxicas propostas para este plan son as seguintes:

1. Dirección e administración do centro: A Xestión
2. Catálogo de titulacións do centro: A Formación
3. Innovación e Transferencia: A Investigación
4. Recursos Humanos: As Persoas
5. Instalación e servizos: As Infraestruturas
6. Información pública e visibilidade: A Imaxe

Na seguinte táboa amósanse as correspondencias entre as liñas estratéxicas do centros coas liñas xerais da USC:

LIÑAS ESTRATÉXICAS-USC	LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO-EPSE
LE1. Estudantado e comunidade universitaria	LEC6- Información pública e visibilidade: A imaxe
LE2. Formación e docencia no novo contexto	LEC2- Catálogo de titulación do centro: A Formación
LE3. Retos na política de persoal	LEC4- Recursos humanos: As Persoas
LE4- Investigación e a innovación como motor do desenvolvemento Sostible e o benestar	LEC3- Innovación e Transferencia: A Investigación
LE5-Senda da Internacionalización	LEC2- Catálogo de titulación do centro: A Formación LEC4- Recursos humanos: As Persoas
LE6- Procura de infraestruturas ecoeficientes	LEC5-Instalacións e Servizos: As infraestruturas
LE7_ A USC na era da transformación dixital	LEC3- Innovación e Transferencia: A Investigación LEC4- Recursos humanos: As Persoas
LE8- A Xestión eficiente dos recursos	LEC1- Dirección e administración do centro: A Xestión



5.2

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. Dirección e administración do centro: **XESTIÓN**

2. Catálogo de titulacións do centro: Formación
3. Innovación e Transferencia: Investigación
4. Recursos Humanos: Persoas
5. Instalación e servizos: Infraestruturas
6. Información pública e visibilidade: Imaxe

LIÑA ESTRATÉXICA 1: DIRECCIÓN E ADMINISTRACIÓN DO CENTRO

Este aspecto é fundamental no deseño do plan estratéxico posto que no Centro recae o deseño, planificación da docencia, organización e xestión dos títulos académicos oficiais de grao e máster, así como a proposta de novas ofertas docentes, oficiais ou doutras modalidades de docencia. Estas funcións débense facer integrando a toda a comunidade do centro (Persoal Docente e Investigador (PDI), Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos (PTXAS) e estudantado) na toma de decisións. Abrir a toma de decisión a todos os membros que forman parte do Centro, encaixa plenamente coa primeira liña estratéxica marcada pola USC; *O estudantado e a comunidade universitaria*.

XUSTIFICACIÓN DA LIÑA ESTRATÉXICA 1:

Para que a XESTIÓN do centro sexa o máis eficiente posible débese ter en conta na toma de decisións a toda a comunidade que conforma a Escola, así como aos axentes externos que están relacionados coas titulacións impartidas. De aí a aposta polo protagonismo que debe ter tanto o estudantado como o Comité Consultivo e, do mesmo modo, tratar de mellorar a coordinación cos centros cos que compartimos titulacións.

RESUMO DAS ACCIÓNS A REALIZAR NA LIÑA ESTRATÉXICA 1:

- AX-1.1. Xestión Académica: axilizar trámites relacionados coas validacións
- AX-1.2. Mellora dos procesos de Xestión do Centro
- AX-1.3. Aumentar a participación dos grupos de interese nos órganos de goberno
- AX-1.4. Reactivación da Delegación de Estudantes da Escola
- AX-1.5. Reforzar a presenza do Comité Consultivo na toma de decisións
- AX-1.6. PTXAS: revisión do reparto de funcións e competencias
- AX-1.7. Calidade na Docencia: mellorar a coordinación nos títulos intercentros e interuniversitarios e mellorar a interlocución cos departamentos en canto á calidade docente
- AX-1.8. Mellorar a interlocución e o cumprimento das suxestións realizadas polo Servizo de Prevención de Riscos
- AX-1.9. Comisións de título: mellorar o reparto de tarefas entre o PDI e solicitar un maior recoñecemento en POD/HDE



5.3

LIÑA ESTRATÉXICA 2: CATÁLOGO DE TITULACIÓNS DO CENTRO

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. Dirección e administración do centro: Xestión
- 2. Catálogo de titulacións do centro: FORMACIÓN**
3. Innovación e Transferencia: Investigación
4. Recursos Humanos: Persoas
5. Instalación e servizos: Infraestruturas
6. Información pública e visibilidade: Imaxe

O centro oferta actualmente un amplo e interesante catálogo de titulacións de Grao e de Máster. Todos eles imprescindibles para o desenvolvemento e a modernización sustentable da nosa contorna sendo ademais puntais necesarios do Campus de Especialización TERRA. O mantemento da oferta e a adaptación dos contidos ás necesidades da Sociedade que nos sustenta deben ser prioritarios no deseño do plan. Esta liña, central en todo centro educativo, está integrada de pleno coa liña estratéxica 2 do Plan Estratéxico da USC: *A formación e a docencia no novo contexto.*

XUSTIFICACIÓN DA LIÑA ESTRATÉXICA 2:

A razón de ser da EPSE son as titulacións que imparte, algunhas delas cunha ampla traxectoria, e a FORMACIÓN que ofrece. O mantemento da oferta actual é obrigado. Hai razóns de peso para isto: a necesidade e demanda de profesionais especializados nos campos da Enxeñaría Agraria, Forestal e Civil, en Robótica e na Paisaxe.

A misión fundamental do centro é a transmisión de coñecementos e o desenvolvemento de competencias polo estudantado que se matricula nas nosas titulacións, e por iso cremos fundamental que o aspecto central no deseño de esta liña estratéxica sexa a calidade da docencia en todas as súas vertentes.

A EPSE é un centro con tradición pero que vive na realidade do presente e é consciente dos cambios extraordinarios que se están a dar na ciencia e na tecnoloxía. Ademais, estes avances deben promover a adaptación dos plans de estudos e das guías docentes e ir aliñados cos obxectivos do Campus de Especialización Terra do que a Escola forma parte. A proposta de novas titulación de Máster que permitan completar a especialización de todos os Graos ofertados é tamén un elemento que consideramos imprescindible.

RESUMO DAS ACCIÓNS A REALIZAR NA LIÑA ESTRATÉXICA 2:

- AF-2.1. Manter a oferta das titulacións do centro: apostar pola singularidade
- AF-2.2. Manter a oferta das titulacións do centro: actualizar os títulos para aliñalos coa especialización do campus
- AF-2.3. Manter a oferta das titulacións do centro: sinerxías entre títulos que supoñan unha mellora na eficiencia dos recursos e a mellora da docencia
- AF-2.4. Manter a oferta das titulacións do centro: explorar a oferta de microcredenciais que permitan a captación de novos estudantes e/ou supoñan unha mellora na eficiencia dos gastos
- AF-2.5. Xestión da Calidade da Docencia: revisión do modelo de programacións docentes
- AF-2.6. Xestión da Calidade da Docencia: incorporación de novas metodoloxías docentes e de avaliación que permitan unha mellora da aprendizaxe, pero sempre dende a presencialidade,


- que permite unha aprendizaxe activa, un ensino adaptable ás necesidades do estudiantado e unha integración maior na comunidade da Escola
- AF-2.7. Establecer lazos con profesionais que sexan referentes nas titulacións impartidas no Centro e que sirvan para dar visibilidade aos títulos ofertados
 - AF-2.8. Prácticas en Empresa: reforzo dos convenios, simplificación dos procedementos e procura de incentivos para as empresas e os estudantes
 - AF-2.9. Prácticas en Empresa: conseguir a colaboración de todo o profesorado como titores académicos
 - AF-2.10. TFG/M: actualización das normativas de todos os títulos do centro para adoptar o procedemento da USC
 - AF-2.11. Mobilidade: aumentar o número de mobilidades, sobre todo saíntes
 - AF-2.12. Captación de estudantes: novas campañas publicitarias sobre as titulacións habilitantes, as súas saídas profesionais e a relevancia que teñen para a contorna, implicando aos sectores relacionados
 - AF-2.13. Novas titulacións de Máster que permitan ter ofertas atractivas para todas as titulacións de Grao



Ilustración 5: Robots no pavillón 3 da EPS de Enxeñaría.



Ilustración 6. Invernadoiros para docencia e investigación da EPS de Enxeñaría



5.4

LIÑA ESTRATÉXICA 3. INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. Dirección e administración do centro: Xestión
2. Catálogo de titulacións do centro: Formación
- 3. Innovación e Transferencia: INVESTIGACIÓN**
4. Recursos Humanos: Persoas
5. Instalación e servizos: Infraestruturas
6. Información pública e visibilidade: Imaxe

A investigación é un pilar fundamental na sociedade, e o seu desenvolvemento, aplicación e transferencia é recoñecido ao longo dos estatutos da USC, asumíndoo como servizo público esencial á comunidade, entendendo o apoio científico e técnico, entre outros, como obriga fundamental ao desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega que a sustenta. Está liña está harmonizada coa liña 4 do Plan estratéxico da USC: *A investigación e a innovación como motor do Desenvolvemento*.

XUSTIFICACIÓN DA LIÑA ESTRATÉXICA 3:

A INVESTIGACIÓN na Universidade de Santiago de Compostela, integrada polos campus de Lugo e Santiago, constitúe unha función esencial como instrumento de xeración de novo coñecemento, fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade, e soporte da transferencia de coñecemento á Sociedade. O profesorado, cando posúa o título de doutor, terá plena capacidade investigadora, sendo deberes específicos do persoal docente o cumprimento das diversas obrigas docentes e, de ser o caso, investigadoras e de xestión.

A INVESTIGACIÓN é un dereito e un deber do persoal docente e investigador da Universidade, que promoverá a súa calidade, xeradora de novo coñecemento e capacidade de innovación e cuxos resultados alimentarán, na medida do posible, a docencia e deberán ser transferidos a Sociedade para que os utilice e valorice.

RESUMO DAS ACCIÓNS A REALIZAR NA LIÑA ESTRATÉXICA 3:

- AI-3.1. Fomentar as sinerxías entre grupos de investigación
- AI-3.2. Colaborar cos grupos de investigación: mellora das instalacións e dos recursos materiais
- AI-3.3. Colaborar cos grupos de investigación: difusión das actividades
- AI-3.4. Integrar ao PDI con menos investigación ou menos presenza en grupos con sede no centro
- AI-3.5. Elaboración dun catálogo de servizos de investigación dos diferentes grupos para fomentar a colaboración
- AI-3.6. Revisión dos espazos docentes e de investigación para detectar novas posibilidades e/ou novos usos
- AI-3.7. Apostar pola captación de investigadores predoutorais entre os estudantes do centro
- AI-3.8. Incrementar a difusión da investigación do Centro / Campus Terra polos medios de comunicación



5.5

LIÑA ESTRATÉXICA 4: RECURSOS HUMANOS

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. Dirección e administración do centro: Xestión
2. Catálogo de titulacións do centro: Formación
3. Innovación e Transferencia: Investigación
- 4. Recursos Humanos: PERSOAS**
5. Instalación e servizos: Infraestruturas
6. Información pública e visibilidade: Imaxe

Un dos piares de calquera plan estratéxico ten que ser os recursos humanos dos que emana e que van ser parte imprescindible para que se poida completar con éxito. O plan estratéxico da USC, resalta a magnitude de este obxectivo na definición da liña estratéxica 3: *Os retos na política de persoal*.

XUSTIFICACIÓN DA LIÑA ESTRATÉXICA 4:

Centrados nas PERSOAS, entendemos que esta liña ten que estar baseada no respecto, no compromiso e na eficiencia de todas e todos que traballamos no Centro: Persoal Docente e Investigador e Persoal Técnico de Xestión e de Administración e Servizos.

RESUMO DAS ACCIÓNS A REALIZAR NA LIÑA ESTRATÉXICA 4:

- AP-4.1. Explorar alternativas ao programa DOCENTIA para incentivar a implicación do profesorado nas actividades docentes
- AP-4.2. Mellorar a oferta dos cursos da Aula de Formación Aberta para conseguir un maior impacto entre o PDI, PTXAS e estudiantado.
- AP-4.3. PDI: análise, en colaboración cos departamentos, das necesidades actuais e futuras de renovación por áreas
- AP-4.4. PDI: implicar ao todo o PDI das titulacións nos TFG/M, de maneira que as áreas dos primeiros cursos tamén teñan opcións de captación de doutorandos
- AP-4.5. PTXAS: análise das necesidades actuais e futuras de renovación por servizos
- AP-4.6. Dotación de persoal para fincas de prácticas e outros técnicos de apoio á docencia e á investigación




Ilustración 7: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría - Aulario 2.



5.6 LIÑA ESTRATÉXICA 5: INSTALACIÓNS E SERVIZOS XERAIS

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. Dirección e administración do centro: Xestión
2. Catálogo de titulacións do centro: Formación
3. Innovación e Transferencia: Investigación
4. Recursos Humanos: Persoal

5. Instalación e servizos: INFRAESTRUTURAS

6. Información pública e visibilidade: Imaxe

Esta liña ten como finalidade ofrecer unhas instalacións no mellor estado posible que permitan que tanto os traballadores do centro como os estudantes estean en condición óptimas para o desenvolvemento da súa actividade diaria. Esta liña tratará de coordinarse coas liñas estratéxicas da USC 6 e 8: *A procura de infraestruturas ecoeficientes e a xestión eficiente dos recursos.*

XUSTIFICACIÓN DA LIÑA ESTRATÉXICA 5:

Dende o centro intentamos optimizar os recursos económicos descentralizados na procura do maior benestar dos integrantes da nosa comunidade, sendo sabedores de que estes recursos son moi limitados. É preciso acadar unhas INFRAESTRUTURAS eficientes, sobre todo no que se refire ao gasto enerxético para garantir o confort que se demanda. Ao mesmo tempo atendemos as suxestións dos responsables do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da propia USC para, que na medida do posible, os espazos de traballo sexan o máis seguros e amigables posible. Procuramos tamén todos os anos actualizar e reforzar o equipamento docente (aulas e laboratorios) co presuposto descentralizado e coa axuda do Campus Terra.

RESUMO DAS ACCIÓNS A REALIZAR NA LIÑA ESTRATÉXICA 5:

- AIN-5.1. Mellora da eficiencia enerxética dos edificios
- AIN-5.2. Dotar de espazos de socialización abertos a toda a comunidade
- AIN-5.3. Colaborar coa cafetería para mellorar o servizo: incorporar novas opcións de menús, fomentar este servizo entre a comunidade universitaria
- AIN-5.4. Revisión e mellora da dotación de equipos informáticos das aulas
- AIN-5.5. Elaborar un plan anual de eliminación de refugallos
- AIN-5.6. Mellora das condicións de accesibilidade dos edificios e as aulas
- AIN-5.7. Solicitud de financiamento acorde ás necesidades do centro




Ilustración 8: Carballeira na EPS de Enxeñaría



5.7

LIÑA ESTRATÉXICA 6: INFORMACIÓN PÚBLICA E A VISIBILIDADE

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. Dirección e administración do centro: Xestión
2. Catálogo de titulacións do centro: Formación
3. Innovación e Transferencia: Investigación
4. Recursos Humanos: Persoal
5. Instalación e servizos: Infraestruturas

6. Información pública e visibilidade: IMAXE

Como entidade pública que somos e con unha función clara de Servizo á Sociedade que nos sustenta é obrigado que a cidadanía interesada na nosa función teña acceso a aquela información que lle poida ser de utilidade.

XUSTIFICACIÓN DA LIÑA ESTRATÉXICA 6:

Esta liña estratéxica ten como finalidade facer pública e darlle visibilidade ás capacidades do centro nos distintos ámbitos do servizo público que realizamos: docente, investigador e de transferencia de coñecemento. Para lograr xerar unha IMAXE veraz e recoñecible contamos con canles institucionais (USC, Campus Terra) e propios (páxina web do centro e redes sociais). Sendo tamén salientable a axuda dos distintos colexios profesionais para dar a coñecer a nosa actividade e intentar entre todos que se coñezan as nosas capacidades formativas, sobre todo entre os mozos e mozas que acceden por primeira vez a universidade.

Así mesmo, estamos implicados na realización de campañas de difusión que dean a coñecer as titulacións que se imparten no noso centro co fin de incentivar vocacións entre os potenciais estudantes universitarios.

RESUMO DAS ACCIÓNS A REALIZAR NA LIÑA ESTRATÉXICA 6:

- AIM-6.1. Revisión da información pública do centro, eliminar duplicidades e nomear responsables do seu mantemento
- AIM-6.2. Establecer un grupo de traballo coas empresas coas que hai convenio para a difusión das actividades do centro
- AIM-6.3. Contratación dun plan de comunicación integral para o centro que aumente a súa presenza nos medios e na sociedade



Ilustración 9: Actividades no Pavillón III

6

DIAGNOSE ESTRATÉXICA

XESTIÓN

FORMACIÓN




PERSOAS



INVESTIGACIÓN

INFRAESTRUTURAS



6.1. INTRODUCCIÓN Á DIAGNOSE ESTRATÉXICA

O traballo de diagnose estratéxica elaborado pola comisión permanente da EPSE, responsable da elaboración do PEC de acordo co proceso PE-01 Planificación Estratéxica, realízase mediante as análises DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) e CAME (Corrixir, Afrontar, Manter e Explotar), cumprindo dúas fases para cada unha das diversas liñas estratéxicas a analizar:

- 1ª. Avaliar a situación actual do centro mediante a análise DAFO, a ferramenta estratéxica por excelencia para reflexionar sobre a situación real na que se atopa unha organización, así como sobre os seus riscos e oportunidades futuras. O seu nome xurde dos catro aspectos que se analizan: debilidades (D), ameazas (A), fortalezas (F) e oportunidades (O).
- 2ª. Facer unha perspectiva da situación futura, mediante a análise CAME, para definir posibles estratexias de mellora. O seu nome xurde dos catro obxectivos que pretende: corrixir as debilidades (C), afrontar as ameazas (A), manter as fortalezas (M) e explotar as oportunidades (E).



Ilustración 10. Escola Politécnica Superior de Enxeñaría.

6.2 ANÁLISE DAFO

Realizamos a continuación para cada liña estratéxica unha avaliación exhaustiva, sinalando debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades, que permita propoñer a continuación accións cun esquema temporal de execución e os responsables do seu seguimento.





Ilustración 11: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría – Pavillón Central



LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. Dirección e administración do centro: XESTIÓN

- 2. Catálogo de titulacións do centro: Formación
 - 3. Innovación e Transferencia: Investigación
 - 4. Recursos Humanos: Persoas
 - 5. Instalación e servizos: Infraestruturas
- Información pública e visibilidade: Imaxe

6.2.1

DAFO LIÑA ESTRATÉXICA 1: DIRECCIÓN E ADMINISTRACIÓN DO CENTRO



FORTALEZAS

- Boa sintonía cos departamentos implicados na docencia do centro
- PTXAS adscrito ao centro altamente cualificado e implicado co funcionamento da Escola
- Compromiso decidido por parte do equipo de Dirección para que cristalicen todos os Procedementos de Mellora
- Alto grado de participación e implicación das Comisións delegadas da Xunta de Centro
- Reactivación do Comité Consultivo e boa comunicación cos Colexios Profesionais



DEBILIDADES

- Alta carga de traballo administrativo
- Falta de implicación de parte do PDI para cumprir as recomendacións
- Cansazo de parte dos integrantes dalgunhas comisións pola excesiva carga de traballo e burocratización dos Procedementos e o escaso recoñecemento institucional
- Dificultade para integrar as achegas dos diferentes axentes externos nas modificación das Titulacións cumprindo as diferentes ordes CIN
- Parte do PDI remiso a formar parte das Comisións Delegadas



AMEAZAS

- Incerteza sobre o futuro dos departamentos en función da aplicación da LOSU (en estudo no seo da Comisión de desenvolvemento estatutario)
- Reunificación dos Servizos económicos nunha única unidade para todo o Campus de Lugo
- Problemas coa implicación de parte do profesorado alleo que imparte docencia en títulos compartidos
- Unidade administrativa responsable da calidade da docencia a nivel reitoral con poucos efectivos, o que dilata as respostas as cuestións formuladas dende o centro
- Alto grado de carga burocrática.
- Falta de financiamento para asumir algún dos traballos necesarios para cumprir o PLAN na súa totalidade
- Dificultades para asumir gastos derivados da actuación do Comité Consultivo



OPORTUNIDADES

- Reforma das competencias de cada órgano
- Programa piloto de mellora do desempeño dos traballos administrativos
- Reformas pendentes de oferta de Titulacións
- Facilidades por parte do servizo correspondente para realizar a supervisión e a formación.
- Aumento do número de estudantes en todos os órganos de goberno e comisións delegadas do Centro
- Presenza dos axentes externos relacionados coas Titulacións impartidas no Comité Consultivo



LIÑAS

ESTRATÉXICAS

1. Dirección e administración do centro: Xestión
2. Catálogo de titulacións do centro: **FORMACIÓN**
3. Innovación e Transferencia: Investigación
4. Recursos Humanos: Persoas
5. Instalación e servizos: Infraestruturas
6. Información pública e visibilidade: Imaxe

6.2.2

DAFO LIÑA ESTRATÉXICA 2: CATÁLOGO DE TITULACIÓNS DO CENTRO



FORTALEZAS

- Titulacións habilitantes recoñecidas internacionalmente
- Mestrados habilitantes únicos no SUG
- Algunhas das Titulacións habilitantes mellor posicionadas que as súas equivalentes no SUG
- Plan de acción tutorial implantado nalgunhas titulacións
- Revisións anuais das programacións docentes
- Bo funcionamento das comisións de título, nas que participa un número alto de PDI e estudantes
- Sinerxías existentes entre títulos que permiten compartir profesorado e outros recursos
- Centro con preto de 60 anos de historia que o converte nun centro de referencia no ámbito da actuación sobre a terra e o territorio
- Centro acreditado institucionalmente
- Alto número de convenios Erasmus, SICUE e bilaterais asinados



DEBILIDADES

- Algunhas Titulacións con número inferior ao requirido polo decreto 222/2011
- Problemas organizativos nos títulos intercentros e interuniversitarios
- Taxas de abandono elevadas nos primeiros cursos
- Algunhas programacións docentes confusas
- Profesorado reticente a formar parte das comisións
- Escaso grao de aplicación de novas metodoloxías docentes
- Baixa mobilidade dos estudantes dende a crise COVID
- Posible desánimo en parte do profesorado cara novos cambios, dado o escaso éxito dos xa feitos
- Falta de campañas profesionalizadas a nivel institucional focalizadas nas titulacións habilitantes e necesarias para o desenvolvemento económico e social do país.
- Profesorado e estudantado, ás veces, pouco implicado



AMEAZAS

- Decreto 222/2011, Plan de Financiamento e decisións da Secretaría Xeral de Universidades
- Duplicidades no SUG
- Incremento do número de reclamacións sobre a avaliación
- Existencia de novas ferramentas que poden facer aumentar o plaxio ou o fraude na avaliación
- As novas normativas de cotización das prácticas externas poden afectar aos Procedementos ou aos convenios asinados con empresas
- Existen varios factores que reducen a mobilidade: crise económica, situación de conflitos bélicos e inestabilidade política noutros países, requisito de idiomas...
- Non contar co respaldo das institucións que deben refrendar a oferta formativa



OPORTUNIDADES

- Mercado de traballo que demanda titulados nos ámbitos das Titulacións ofertadas no centro (100% empregabilidade)
- A reforma do modelo de programación docente, máis claro e sintético, permitirá a súa mellora
- Novas posibilidades de captación para cada grao no marco do Programa A Ponte e do Campus Terra
- Existencia de empresas no entorno no mesmo ámbito dos estudos ofertados onde realizar visitas, prácticas, charlas, eventos profesionais, xornadas...
- Existencia de profesorado con moita experiencia e altamente especializado para afrontar novos retos
- A convocatoria de Proxectos de Aprendizaxe-servizo, para que o estudantado e a sociedade se sintan recoñecidos



LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. Dirección e administración do centro: Xestión
2. Catálogo de titulacións do centro: **FORMACIÓN**
3. Innovación e Transferencia: Investigación
4. Recursos Humanos: Persoas
5. Instalación e servizos: Infraestruturas
6. Información pública e visibilidade: Imaxe



FORTALEZAS

- Titulacións aliñadas co Campus Terra
- Captación de estudantes: Alta participación do PDI e estudantes nas actividades do programa A Ponte
- Incorporación de actividades de innovación docente



DEBILIDADES



AMEAZAS

- Problemas estruturais no medio rural no que se focalizan boa parte das saídas profesionais
- Noticias negativas nos medios relacionados coas Titulacións ligadas ao Rural



OPORTUNIDADES



Ilustración 12: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría – Laboratorio de Prácticas



Ilustración 13: Actividade de difusión a estudantes de ensino secundario na Nave de Hidráulica.



6.2.3 DAFO LIÑA ESTRATÉXICA 3: INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. Dirección e administración do centro: Xestión
2. Catálogo de titulacións do centro: Formación
- 3. Innovación e Transferencia: INVESTIGACIÓN**
4. Recursos Humanos: Persoas
5. Instalación e servizos: Infraestruturas
6. Información pública e visibilidade: Imaxe



FORTALEZAS

- O PDI que imparte docencia na EPSE está integrado nun total de 35 grupos de investigación (GI)
- Un número considerable dos GI son Grupos de Referencia Competitiva e Grupos con Potencial de Crecemento
- Elevada produción científica e con alta calidade
- Moita captación de fondos en convocatorias públicas e privadas
- Os Grupos de Investigación da EPSE teñen elevada interacción co tecido empresarial dos sectores que lles son propios
- Existencia de plataformas (PEMADE, SIT, ...) e grupos de investigación que aportan servizos e transferencia directa dos resultados da investigación
- Laboratorios ben equipados conseguidos polos grupos de investigación en convocatorias competitivas



DEBILIDADES

- Grupos de investigación moi desiguais, unha gran parte integrados por menos de 5 investigadores
- Algún -PDI con pouca implicación en investigación
- Algún PDI con docencia na EPSE non realiza investigación neste centro
- Interacción entre Grupos de Investigación mellorable
- Dificultade no acceso ao catálogo de servizos de investigación que ofrecen os diferentes GI
- Escaso espazo para desenvolver as tarefas investigadoras
- Hai poucos/as egresados/as que optan pola investigación polas dificultades da carreira investigadora e ter altas taxas de empregabilidade nos sectores produtivos



AMEAZAS

- Pertencer a un campus periférico supón unha diminución de servizos esenciais para o funcionamento en relación aos campus centrais (por exemplo servizo técnico de reparación de equipamento)
- Non existe unha carreira investigadora cunha remuneración asociada
- Falta de técnicos de laboratorio e persoal administrativo
- Pouco financiamento por parte da administración pública
- Elevada burocratización de trámites ordinarios nas actividades de I+D
- Os grupos de investigación pequenos non teñen acceso a financiamento a pesares de que desenvolvan investigación de calidade



OPORTUNIDADES

- Capacidade para a captación de fondos en convocatorias públicas e privadas
- O Campus Terra brinda a posibilidade de captar recursos económicos e persoal
- O CACTUS ofrece equipamentos modernos que complementan os equipamentos dos Grupos de Investigación
- Posibles sinerxías con outras universidades e estruturas de investigación
- Dispoñibilidade de Plataformas Tecnolóxicas: recursos e capacidade investigadora do Campus Terra
- Sinerxías con colaboradores intercentro/institutos da USC, agrupación estratéxica no Campus Terra
- Dispoñibilidade de convocatorias do Campus Terra para axudas de iniciación de investigación, pre e posdoutoral.
- Interese na difusión da investigación do Centro / Campus Terra polos medios de comunicación local/ rexional



FORTALEZAS

- Temos colaboración con moitos investigadores doutras universidades

DEBILIDADES

- Dificultade para acceder á información dos diferentes grupos de investigación, servizos e oferta investigadora na páxina web corporativa
- Alta competitividade para a obtención de contratos predoutorais (plan autonómico, nacional) para os estudantes
- As convocatorias de bolsas pre e posdoutorais penalizan ás áreas excedentarias en docencia e dificultan a renovación do cadro de PDI

AMEAZAS

- Gabinete de comunicación da USC / Campus Terra dispoñible para difusión de novidades e actividades de investigación
- Interese pola investigación do Centro no contexto social, sector produtivo e entidades públicas

OPORTUNIDADES



Ilustración 14: Novas tecnoloxías aplicadas ao medio rural.



6.2.4 DAFO LIÑA ESTRATÉXICA 4: RECURSOS HUMANOS

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. Dirección e administración do centro: Xestión
2. Catálogo de titulacións do centro: Formación
3. Innovación e Transferencia: Investigación
- 4. Recursos Humanos: PERSOAS**
5. Instalación e servizos: Infraestruturas
6. Información pública e visibilidade: Imaxe



FORTALEZAS

- PDI con longa traxectoria docente e altamente cualificada
- PDI con capacidade docente en Graos e Master interuniversitarios
- Equipos docentes multidisciplinares
- PDI con contrastada capacidade investigadora
- Candidatos a PDI con elevada cualificación investigadora
- Porcentaxe alto de PDI nos últimos cursos dos graos que teñen a titulación do grao/master que imparten
- Persoal específico para Campos de Prácticas
- PTXAS con boa formación e boa disposición para o traballo



DEBILIDADES

- Asimetría na asignación docente dos departamentos implicados na docencia
- PDI descontento con docencia fragmentada en múltiples materias
- Prevalece o interese investigador sobre o docente o que pode implicar o desinterese pola actividade do centro
- Persoal molesto polo exceso de trámites administrativos



AMEAZAS

- PDI envellecido
- Exceso de mobilidade "intracampus" que motiva mobilidade intercampus reduce a capacidade docente e investigadora
- Pouca capacidade de captación de estudantes para formación nunha carreira investigadora
- Hai materias que non poden aproveitar plenamente a dispoñibilidade de persoal e infraestruturas para prácticas por incompatibilidades temporais ou climáticas
- Non ser capaces de captar profesorado en formación das titulacións impartidas no centro para o previsible remuda do PDI



OPORTUNIDADES

- Gran acollida do Programa de Formación PFID
- Posibilidade de captación de investigadores de fóra do noso campus ou da USC
- Posibilidade de formación específica



Ilustración 15: Actividades de formación na EPS de Enxeñaría



6.2.5

DAFO LIÑA ESTRATÉXICA 5: INSTALACIÓN E SERVIZOS

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. Dirección e administración do centro: Xestión
2. Catálogo de titulacións do centro: Formación
3. Innovación e Transferencia: Investigación
4. Recursos Humanos: Persoal
- 5. Instalación e servizos:
INFRAESTRUTURAS**
6. Información pública e visibilidade: Imaxe



FORTALEZAS

- Suficiente número de aulas
- Aulas con sistemas informáticos
- Laboratorios, campos de prácticas e invernadoiros e naves de prácticas en xeral ben equipados
- Conectividade á rede, en xeral bo funcionamento
- Limpeza do centro: En xeral cumpren coas obrigas
- Cafetería espazosa, permite a socialización
- Novos espazos de socialización e estudo nos pavillóns 1, 2 e 3
- Espazo anexo ao Centro amplo con colección de árbores, arbustos e xardíns empregados en prácticas docentes



DEBILIDADES

- Recursos económicos descentralizados insuficientes para afrontar os arranxos necesarios
- Recursos económicos insuficientes
- A limpeza das ventás e das áreas externas debería ser máis frecuente
- Oferta de comida limitada na cafetería do centro
